

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 1 de xullo de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"6.- Convenios.

6.1.- Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o concello de Carballo para o desenvolvemento do XV Curso de Verán sobre dinamización lingüística, traballando en lingua no turismo 2019. (CONV. 15/2019).

Foi recibido vía correo electrónico o Convenio de Colaboración entre a Universidade da Coruña e o Concello de Carballo para o desenvolvemento do XV Curso de Verán sobre dinamización lingüística, Traballando en Lingua no turismo que se desenvolverá no Concello de Carballo os días 17 e 18 de xullo de 2019.

Vista a proposta da Alcaldía de 13/06/2019, no expte. 2019/G0006/000283 (CONV-15/2019), en uso das competencias delegadas por resolución de alcaldía 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (6), acorda:

Primeiro.- *Aprobar o o Convenio de Colaboración entre a Universidade da Coruña e o Concello de Carballo para o desenvolvemento do XV Curso de Verán sobre dinamización lingüística, Traballando en Lingua no turismo para o ano 2019, cuio texto íntegro se transcribe:*

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O DESENVOLVEMENTO DO XV CURSO DE VERÁN SOBRE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA, TRABALLANDO EN LINGUA NO TURISMO (2019)

REUNIDOS:

Dunha parte, o reitor da Universidade da Coruña (en adiante, UDC), don Julio Abalde Alonso, no uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1 f) dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro) e o seu nomeamento como reitor polo Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia núm. 1/2016, do 8 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia do 11/01/2016.

E doutra, don Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Carballo.

As dúas partes recoñecemos a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigámonos neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

- Que a Universidade da Coruña é unha entidade que leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico e ten como un dos seus fins a formación de profesionais e especialistas en materias que afecten os intereses públicos de Galicia.*
- Que o Concello de Carballo, no exercicio das súas competencias, é consciente da importancia que ten a formación de especialistas que contribúan a desenvolver e a estender o uso da lingua galega.*
- Que as dúas entidades consideran de interese común colaborar para promoveren e fomentaren o uso do galego en todos os planos das súas actividades.*
- Que ambas teñen interese en promover a realización de cursos, seminarios, conferencias e todo tipo de actividades que contribúan á difusión e ao coñecemento da lingua galega.*

Que as dúas institucións desexan subscribir un acordo marco de colaboración para poder levar a cabo o XV Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua no Turismo, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA

A Universidade da Coruña vai realizar os días 17 e 18 de xullo de 2019 o XV Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua no Turismo, que ten como obxectivo, entre outros, analizar, valorar e/ou deseñar estratexias e accións para a posta en valor, incremento do uso e visibilización do galego en ámbitos turísticos, así mesmo detectar e analizar problemas e prexuízos existentes arredor do uso da lingua galega nos ámbitos relacionados coa presenza de turistas e/ou persoas non coñecedoras do galego, mais tamén dar a coñecer e avaliar experiencias positivas en ámbitos turísticos, valorar o galego e a cultura propia como recurso de interese turístico e deseñar unha proposta de boas prácticas lingüísticas no ámbito turístico.

SEGUNDA

O Concello de Carballo poñerá a disposición da Universidade da Coruña un local adecuado para realizar o curso e para desenvolver as distintas actividades que isto supón, así como toda a infraestrutura que for necesaria e o persoal preciso; este persoal en ningún caso pertencerá á Universidade da Coruña. Así mesmo, correrá por conta do Concello a atención protocolaria ás persoas asistentes. Os gastos a que se fai referencia, que se puideren xerar con motivo disto, non serán imputables ao importe que se menciona na cláusula terceira deste convenio.

TERCEIRA

Correspóndelle á Universidade a xestión do curso baixo a dirección e a responsabilidade da unidade correspondente e, por tanto, o Concello non terá relación laboral nin contractual cos profesionais que interveñan no curso.

O desenvolvemento deste curso ten un custo máximo de oito mil douscentos euros (8200 €), dos cales:

Sete mil euros (7000 €) son asumidos pola Universidade da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0100.44.0093.422D.640.00.08 (Conv. 2019 Xunta, C. Cultura. Actuacións en Materia de Normaliz. Lingüíst.) para o que se confeccionou a correspondente reserva de crédito.

Mil douscentos euros (1200 €) son asumidos polo Concello de Carballo con cargo á aplicación orzamentaria 3341/22609 de Actividades de normalización lingüística do Orzamento xeral do Concello para o ano 2019 (operación RC número 220190007705, do 07/06/2019).

CUARTA

Na edición dos programas, folletos divulgativos e no resto da publicidade do curso figurará o nome do Concello de Carballo como entidade colaboradora.

QUINTA

O prazo de vixencia deste convenio será desde a súa sinatura ata o 30/09/2019.

SEXTA

A Universidade da Coruña e o Concello de Carballo comprométense a resolveren de xeito amigable calquera desacordo que puider xurdir no desenvolvemento deste convenio. En caso de conflito, as partes someteranse á xurisdición contencioso-administrativa».

Segundo.- *O Sr. Alcalde asinará o devandito Convenio e ditará as ordes oportunas para a súa execución."*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.

O alcalde